

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/02/2021 12:25:17

SAIDA

3409/21



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]

Expediente. Acumulados **RSCTG 140/2020 e 144/2020.**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED], mediante escritos que tiveron entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 28 e 30 de decembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escritos con entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 28 e 30 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, sobre información de carácter xurídico, económico e organizativo da entidade Geotermia (reclamación RSCTG 140/20) e posteriormente contra a Resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) do 29 de decembro de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso.

Na reclamación presentada o 28 de decembro de 2020 (expediente RSCTG 140/2020), a entidade interesada manifesta que non obtivo resposta á súa solicitude de acceso á información referida á entidade Geotermia.

Con data do 30 de decembro de 2020 a asociación interesada remite escrito de reclamación contra a Resolución da directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) do 29 de decembro de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información da entidade Geotermia. A Asociación considera que a resolución é un ataque á liberdade de expresión e cumprimento da Lei de Transparencia e o incumprimento das obrigas de publicidade activa que resulta arbitrario e inxusto, sen incluír argumentos que teñan como obxectivo rebater os motivos polos que se inadmitiu a súa solicitude.

Segundo.- Con data do 30 de decembro de 2020, deuse traslado da reclamación achegada polo interesado con data do 28 de decembro de 2020 (RSCTG 140/2020) á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Con data do 8 de xaneiro de 2021, o INEGA remite oficio no que manifesta que a solicitude de acceso a información pública sobre información de carácter xurídico, económico e organizativo da entidade Geotermia, presentada o 23 de novembro do 2020, foi presentada polo interesado o 23 de novembro de 2020 con destino á Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a cal foi remitida á Axencia con data 02 de decembro de 2020, e con data do 29 de decembro de 2020 emitíuse Resolución da Directora desta Axencia, da que acompañan copia.

Terceiro. Con data do 14 de xaneiro de 2021, procedeuse á acumulación a expediente RSCTG 140/2020, da reclamación presentada polo [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 30 de decembro de 2020, contra a Resolución do 29 de decembro de 2020, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), pola que se lle inadmite a súa solicitude de acceso á información sobre a entidade Geotermia (expediente RSCTG 144/2020). A acumulación comunicouse á entidade interesada e á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, á que se lle solicitou a emisión de informe sobre a reclamación presentada.

Cuarto.- Con data de entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 8 de febreiro de 2021, o INEGA remite informe no que en síntese manifesta que considera que a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente é a normativa específica nesta materia, de acordo co disposto na disposición adicional primeira da Lei 19/2013.

De acordo coa dita norma, o dereito de acceso a información ambiental non é un dereito absoluto, xa que contempla unha serie de excepcións á obriga de facilitar información ambiental no artigo 13.1 nos casos de que a solicitude sexa manifestamente irrazoable ou que estea formulada de maneira excesivamente xeral, tendo en conta o disposto no artigo 10.2.a).

No exercicio das obrigacións derivadas do dereito de acceso a información, o INEGA publica de forma periódica, actualizada, veraz e doadamente accesible toda a información relevante relativa ó seu funcionamento, na súa paxina web.

Comunican que con data do 3 de febreiro de 2021, o INEGA, para facerlle máis doado o acceso remitiulle ao interesado toda a información requirida, a través dun informe cos datos relativos a Xeotermia en Galicia no que figura a relación de axudas concedidas nas convocatorias do Inega para a realización de proxectos de xeotermia en Galicia (2015- 2020), link para o acceso a todos os convenios subscritos polo INEGA dende o ano 2011 ata a actualidade e link para o acceso ás convocatorias de axudas do INEGA, onde figuran as bases reguladoras das axudas, relación de beneficiarios, natureza dos fondos, modificacións das convocatorias e breve resumo das mesmas, entre outros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable



O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a entidade interesada interpuxo a súa reclamación nun primeiro momento, con data do 28 de decembro de 2020, contra a falla de resolución da súa solicitude de acceso, e con data do 30 de decembro de 2020, contra a resolución do 29 do mesmo mes, debe admitirse a mesma, por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou información de carácter xurídico, económico e organizativo da entidade Geotermia, en concreto información sobre subvencións e axudas públicas, orzamentos, contas anuais e os informes de auditoría, aprobación das contas, retribucións percibidas anualmente por cargos e vocais, actas e convenios, financiamento, inscrición correspondente da Geotermia no rexistro de entidades públicas, acta fundacional, estatutos, identificación dos membros que integran o Consello de administración correspondente da Geotermia, listaxe de contas bancarias, contratos e convenios.

Débese ter en conta que non existe unha entidade denominada *Geotermia* como entidade creada, vinculada ou adscrita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, nin ao INEGA ou a calquera outro departamento da Xunta de Galicia. Por tanto, debe entenderse que a información que solicita a entidade interesada, é a referida ás actuacións do INEGA, como Axencia competente da Xunta de Galicia no fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas e a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, entre as que se atopa a xeotermia, entendida esta como a enerxía en forma de calor que se atopa baixo a superficie da terra.

Non se pode compartir o manifestado no informe do INEGA, no senso de que a información solicitada é información de carácter ambiental, xa que o que se solicita é información organizativa, económica e contractual sobre as actuacións do INEGA en materia de xeotermia, polo que considérase que non é de aplicación a Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente como norma específica, debendo por tanto tramitarse a

solicitude de acceso á información polo disposto na normativa xeral en materia de Transparencia.

Aclarados os puntos anteriores, débese analizar si a resolución do INEGA de inadmisión da solicitude de acceso á información por resolución do 29 de decembro de 2020, por considerala abusiva, é conforme co disposto na normativa de Transparencia, en concreto si se pode encadrar dentro dos motivos de inadmisión do artigo 18.1.e) da Lei 19/2013.

O dereito de acceso á información, se ben está esta regulado no noso ordenamento xurídico como un dereito de amplo contido, non é un dereito ilimitado, e as solicitudes de acceso á información pública están sometidas ás causas de inadmisión que se establecen no artigo 18 da Lei 19/2013. No seu parágrafo 1.e) do dito artigo, establécese como causa de inadmisión que a solicitude teña un carácter abusivo, non xustificado coa finalidade de Transparencia da Lei. A interpretación ofrecida polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no seu Criterio Interpretativo 6/2015 sobre esta causa, asocia o carácter abusivo da solicitude co feito de que o exercicio do dereito sexa abusivo cualitativamente, e que o exercicio do dereito poida considerarse excesivo, é dicir, cando non chegue a conxugarse coa finalidade da Lei. Desta forma unha solicitude pode entenderse abusiva cando poida considerarse incluída no concepto de abuso de dereito recollido no artigo 7.2 do Código Civil, é dicir, cando pola acción, omisión, pola intención do seu autor, polo seu obxecto ou polas circunstancias en que se realice exceda manifestamente os límites normais do exercicio dun dereito, ou cando de ser atendida, requira un tratamento que obrigase a paralizar o resto da xestión dos suxeitos obrigados a proporcionar a información, impedindo a atención xusta e equitativa do seu traballo e o servizo público que teñen encomendado, e así resulte de acordo cunha ponderación razoada e baseada en indicadores obxectivos.

Neste caso, solicítase pola entidade reclamante que se lle remita toda a información e documentación de todos os expedientes e procedementos referentes ao exercicio dunha competencia (xeotermia) atribuída a unha Axencia dende o ano 2013 a 2020.

Unha interpretación do dereito de acceso á información pública regulado na Lei 19/2013 que implique un exercicio excesivo e indiscriminado do mesmo, solicitando de forma xenérica información de toda a documentación xerada por un organismo durante oito anos sobre unha competencia que ten atribuída, sen dúbida excede do obxecto e finalidade do dereito de acceso á información. Así, debe lembrarse que é a protección do interese xeral na transparencia pública, como ben común da nosa sociedade, a que debe prevalecer fronte a solicitudes de información que perseguen outros intereses que non encaixan na finalidade perseguida pola Lei, por tanto, non poden ser considerados superiores.

Neste senso, a Sentenza da Audiencia Nacional do 30 de maio de 2019 destaca a importancia de aterse á finalidade da norma cando se solicita información pública no senso de que unha

solicitude de información que polo seu volume, extensión, período de tempo, identificación e medios para instrumentar a petición, ademais de ocasionar unha disfunción manifesta, non deixa de ser un desiderátum non acorde co espírito e finalidade da normativa de transparencia. Afirmar a dita sentenza que unha solicitude destas características non deixa de ser unha utilización da normativa de transparencia, cunha finalidade que non se acomoda ao espírito e finalidade da mesma.

Engadido ao anterior, a solicitude exposta debe analizarse desde a perspectiva do control da acción da Administración e a rendición de contas polas decisións públicas, tendo en conta que, en non poucas ocasións e atendendo ao tipo de información requirida, certamente podería cuestionarse a súa utilidade para garantir o interese común en coñecer a actuación pública, poder participar na mesma e esixir responsabilidades polas decisións dos organismos públicos; todos eles, alicerces fundamentais e ratio iuris da Lei 19/2013.

A resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) motivou debidamente a súa resolución cunha ponderación razoada na que aprecia un abuso de dereito proporcionar a información solicitada e supoñería unha paralización da súa xestión. Débese ter en conta ademais que na reclamación presentada pola asociación, non se alegan nin acreditan motivo algún que desvirtúe os fundamentos da resolución recorrida.

A pesares do anterior, a Axencia, con data do 3 de febreiro de 2021, remitiu á entidade solicitante un informe cos datos relativos a Xeotermia en Galicia publicados na súa web nos que figuran a relación de axudas concedidas e os links para o acceso a os convenios e convocatorias de axudas sobre as súas actuacións en materia de xeotermia.

De acordo co anterior, procede a desestimación da reclamación presentada por considerar a resolución da Axencia conforme á normativa en materia de Transparencia, sen que se acreditasen o alegasen pola entidade reclamante, motivos que a desvirtúen.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] contra desestimación inicial por silencio e contra a posterior Resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) do 29 de decembro de 2020.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.02.24 11:44:17 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.